

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Asunto: Aprobación inicial do «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVII (B, C, D e E)».

Expediente: 2025/U035/000001

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 15 de decembro de 2025, acordou aprobar inicialmente o «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVII (B, C, D e E)», segundo a documentación técnica presentada o 10 de decembro de 2025 pola arquitecta Iria Pérez Miranda (expediente contrato SER 62/2024).

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 186.1.a) do regulamento da dita lei, co fin de que as persoas que se consideren afectadas polo PEID poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

A totalidade do documento técnico e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na oficina técnica municipal das 10.00 h ás 13.00 h e na páxina web do Concello mediante a seguinte ligazón: <https://carballo.gal/urbanismo-e-axenda-urbana/documentos-en-tramitacion/>

Carballo, 23 de decembro de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)

O alcalde
José Daniel Pérez López